

## ***A Ría como polígono industrial***

RICARDO BEIRAS \*

Agradezo a oportunidade que se me brinda para presentar algúns elementos de xuício que favorezan un debate social o máis amplo posible sobre o recheo planeado pola Autoridade Portuaria no Areal vigués. Nunha sociedade democrática non basta con que as autoridades decidan que unha intervención é necesaria, senón que deben xustificala con argumentos. Outras intervencións "necesarias" como Petrovigo quedaron polo camiño sin que ninguén fose capaz de identificar facetas concretas de tal necesidade. O debate que nos ocupa serviu xa para poñer de manifesto algunhas falsedades; nin iban aumentar os metros de atraque (de feito disminuirían) nin hai actualmente no peirao transversal do Areal problemas de calado, como desmentiron os que saben diso, que son os prácticos.

Da superficie orixinal da Ría de Vigo, un millón de metros cadrados son hoxe recheos. O proxecto do Areal suporía 249.000 m<sup>2</sup> máis, e este proxecto e só o primeiro dunha longa cola onde agardan por exemplo outros 240.000 m<sup>2</sup> na área protexida de San Simón. A superficie total gañada ao mar en Galicia supón aproximadamente un tercio da extensión da Ría de Vigo. Estas cifras poden ilustrar un paradigma de desenvolvemento non sustentable: transformar o litoral en cemento. Enténdese por sustentable que pode manterse indefinidamente. Dado que a superficie da Ría é finita espero que non resulte difícil entender que non se poden continuar os recheos indefinidamente. Nalgún momento, pronto ou tarde, haberá que poñerlles couto.

As Rías galegas son ecosistemas privilexiados dende varios puntos de vista, pola súa produción (en kilos de peixe e marisco por metro cuadrado e ano), polo seu valor paisaxístico (accidentes xeográficos análogos existen en poucos sitios máis de Europa), e polo seu atractivo para o turismo. Debido a isto, viven da Ría de Vigo bastantes máis familias que do seu porto. Precisamente pola súa excepcionalidade, a lexislación española contempla para as Rías galegas a "ordenación das actividades que poidesen resultar incompatibles coa súa protección" (BOE num. 230, 25/09/2001).

Dame un pouco de vergonza explicar que os recheos teñen un impacto ambiental negativo, dado que consisten basicamente na eliminación física do medio, e non de calquera parte, senón da zona litoral, que corresponde á área de cría de peixes, moluscos e crustáceos de alto valor comercial, cando non directamente do habitat de bancos marisqueiros. Lembrede o tristemente célebre recheo de Bouzas, do que agora todos, autoridades incluídas, acordamos que foi un erro. Existen outros efectos nocivos nas áreas circundantes. En primeiro lugar a turbidez provocada reduce a penetración da luz, impedindo a vida vexetal, e causa un déficit de osíxeno no fondo. Este efecto é particularmente importante cando o recheo se realiza, como é costume aquí, con tecnoloxía Cromagnon, é dicir, a base de toneladas de terra e escombros. En segundo lugar a zona elixida para o recheo do Areal é particularmente delicada por tratarse dun sedimento que os propios promotores califican de altamente contaminado. De feito correspóndese á categoría III (a I é a máis limpa e a III a máis contaminada) que o CEDEX (Centro de Estudos y Experimentación de Obras Públicas) define como "con concentracións elevadas de contaminantes", en particular metais pesados e organoclorados, sustancias tóxicas persistentes que non se degradan no medio e ao resuspenderse como consecuencia das obras pasan do sedimento á auga, afectando aos organismos nadadores.

Ao respecto da non pertinencia deste recheo existe consenso na comunidade científica. O Instituto Español de Oceanografía, o Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) e a Universidade de Vigo informaron negativamente e explicaron as deficiencias do estudo de impacto presentado pola Autoridade Portuaria. Por mencionar só algunhas destas carencias, a toma de mostras non ten un tamaño suficiente e non se menciona a súa ubicación, o modelo de correntes utilizado non considera o vento nin as mareas, ou os métodos analíticos empregados son incapaces de detectar fosfatos, algo que fan de rutina en prácticas os meus alumnos de Ciencias do Mar. Se os autores deste informe cursasen a miña asignatura voltarían en Setembro. Con todo, os científicos non tomamos as decisións, e os custes ecolóxicos poderían ser asumibles se non existisen outras alternativas. Non é o caso. O Porto de Vigo é un triste exemplo de mala xestión dun ben tan preciado como o espazo a pe de mar. Invítovos a dar un paseo polas súas instalacións. Atoparedes obradoiros e fábricas de escasa ou nula ascendencia mariña (dende pavimentos deica o sector lácteo), artes abandonadas e barracóns obsoletos en desuso. Se hai demanda de superficie portuaria primeiro haberá que optimizar o uso da xa existente, e despois planificar qué instalacións é indispensable que permanezan no porto. Construír un polígono industrial entre unha cidade e o seu mar en lugar de dotar ao porto de comunicacións modernas e ubicar o non esencial terra adentro paréceme un caso claro de incorrecta planificación, por non falar de especulación con dominio público para beneficio privado.

Finalmente existe unha dimensión política do problema. O porto de Vigo ocupa a maior parte do litoral do Concello, pero non precisa autorización deste (nin da Comunidade Autónoma) para realizar este tipo de intervencións a costa do patrimonio público. O secular mar de Vigo é a día de hoxe unha pequena franxa na Guía e outra de Bouzas para fora. O demáis pertence a Madrid, e sobre o que alí ocorre a representación democrática dos vigueses, o Concello, non ten potestade. Para o Ministerio de Fomento a Ría de Vigo, de Cies para dentro, é toda ela susceptible de recheos, e así figura nas súas cartas. Non lle faltan a estas teses aliados en provincias. En efecto, convertindo toda a Ría en zona portuaria batiríamos a Rotterdam, pero para ser sinceros teríamos que avisar aos mariscadores, propietarios de bateas, pescadores de baixura, e donos de hoteis de veraneo, que foran pensando noutro modo de vida. Difícil levar ao mercado algo collido perto de Rotterdam, que ostenta valores record de dioxinas, o tóxico ambiental máis temido da nosa época. Difícil atopar un turista disposto a alugar un apartamento con vistas ás grúas. Se cadra paga a pena, a máxima autoridade política da pesca galega pronunciouse aquí con rotundidade. Semella que outra vez terá que ser a sociedade civil, e outras institución con maior interese polas Rías, as que aporten racionalidade e esixan un límite, máis permisivo ou máis estricto, pero un límite, baseado na planificación de usos e o interese xeral, non en presuntas necesidades imperiosas e beneficio privado.

\*Profesor de Ecoloxía  
na Facultade de Ciencias do Mar,  
Universidade de Vigo